

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de febreiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(221).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(222).- RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUES DE VALTERRA. EXPTE. 2039/440.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 24.02.15, conformado polo concelleiro delegado da Área de Contratación, pola titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

–Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

–Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra (PCAP).

–Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avda. da Hispanidade (expediente 2019-440) á mercantil ALDASA, S.L.U.

Segundo.- En data 30 de decembro de 2013 se formalizou o contrato.

Terceiro.- En data 14 de xaneiro de 2014 asínase a acta de comprobación de replanteo polo Director facultativos da obra D. Álvaro Crespo Casal, en representación do Concello, e por D. Pablo Sáenz Villar, en representación da mercantil adxudicataria.

Cuarto.- En data 11 de abril de 2014 A Xunta de Goberno Local acorda a suspensión temporal do inicio da obra ata que sexa renovada pola concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento a rede de saneamento deteriorada que discorre baixo a beirarrúa a executar coa humanización.

Quinto.- En datas 3 de abril e 12 de maio de 2014, D. Pablo Sáenz Villar, traballador da empresa ALDASA, presenta no Rexistro Xeral deste Concello sendos escritos comunicando o falecemento do Administrador único e Xerente da mercantil en data 23 de marzo de 2014 e a previsión de nomeamento dun novo administrador nun prazo breve de tempo, que estima aproximadamente en 10 días.

Sexto.- En data 8 de outubro de 2014 a Xunta de Goberno Local levanta a suspensión das obras e acorda, entre outros extremos “3. Autorizar a ALDASA, S.L.U., na súa calidade de adxudicatario, o inicio das obras. O prazo de execución comezará a contar dende o día seguinte ao da notificación a empresa adxudicataria da presente resolución”. Este resolución lle foi notificada ó adxudicatario en data 23 de outubro de 2014.

Sétimo.- En datas 24 e 31 de outubro de 2014, o inspector municipal, tras realizar sendas visitas de inspección, comproba que non existe obra algunha no tramo ámbito da humanización, extremo que pon de manifesto en informes de datas 27 de outubro e 4 de novembro de 2014.

Oitavo.- En data 16 de xaneiro de 2015, o director facultativo da obra e responsable do contrato, informa de que transcorrido o prazo de execución das obras estas non se iniciaron e propón a

resolución do contrato e a licitación dun novo procedemento de licitación das obras do proxecto de humanización da rúa Marqués de Valterra aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 8 de agosto de 2013, polo trámite de urxencia.

Noveno.- En data 28 de xaneiro de 2015, se notifica a ALDASA, S.L.U., a proposta incoación do procedemento de resolución e a proposta de liquidación do contrato, concedéndolle trámite de audiencia por un prazo de 10 días hábiles para formular alegacións.

Décimo.- En data 9 de febreiro de 2015 rematou o prazo do trámite de audiencia sen que o contratista formulase alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

En data 8 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o proxecto de humanización da rúa Marqués de Valterra.

En data 29 de outubro de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa calidade de órgano de contratación do mesmo adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras de Humanización da Rúa Marqués de Valterra.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a Humanización da Rúa Marqués de Valterra, redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 29 de outubro de 2013.

3º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas administrativas particulares que rexerá a licitación para Humanización da Rúa Marqués de Valterra, redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 9 de setembro de 2013.

4º.- Autorizar o gasto polo importe 174.380,16 Euros, máis o 21 % (36.619,83 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 211.000 Euros (douscentos once mil), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.619.00.02 do orzamento municipal vixente”.

Trala tramitación do correspondente procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local, en data 27 de decembro de 2013, acordou:

“Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra (expediente 2039-440) a ALDASA, S.L.U, por un prezo total de 176.712,50 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. de 30.669,11 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 96 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse en data 30 de decembro de 2013.

-II-

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable á resolución contractual. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó TRLCSP.*

Todo elo sen prexuízo de que o exercicio das prerrogativas da Administración, en canto potestades exorbitantes do contrato, réxanse polo disposto na lexislación vixente no momento en que pretendan exercitarse.

De acordo cos artigos 211 do TRLCSP (en relación coa disposición adicional 2ª.8 do mesmo corpo legal) e 109 do RLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- *Deberá darse audiencia ó contratista por prazo de dez días naturais.*
- *Deberá darse audiencia ó avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.*
- *Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.*
- *Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.*
- *Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.*

No caso que nos ocupa se evacuou trámite de audiencia ó contratista por prazo de 10 días hábiles. Dado que durante este prazo non formulou alegacións, se desprende que está conforme coa proposta de resolución e liquidación do contrato formulada por esta Administración. En consecuencia, dado que o contratista non formula oposición, non é necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia, órgano consultivo da Comunidade Autónoma galega.

A garantía definitiva depositouse na Tesourería municipal en efectivo, polo que non existen neste procedemento avalistas ós que sexa preciso evacuar trámite de audiencia.

Dos requisitos esixidos pola lei nos procedementos de resolución resta o informe da Asesoría Xurídica, o que habería que engadir a fiscalización da Intervención Xeral por canto este procedemento orixina gastos á facenda municipal (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

-III-

A lexislación de contratos do sector público recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 40 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 221 TRLCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ó regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Antes de analizar estas causas e os efectos que anuda a lei ás mesmas, é preciso determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato se aplicarán distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

A teor do PCAP (cláusula 2.1), estamos en presenza dun contrato de obras.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 223 e 237 do TRLCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.*
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.*
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.*
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo de quince días hábiles para o inicio da execución do contrato no caso de tramitación urxente, salvo que o atraso débese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.*
- e) A demora no pago do prezo por parte da Administración por prazo superior a 8 meses ou o inferior fixado pola respectiva Comunidade autónoma.*
- f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.*
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato.*
- h) As establecidas expresamente no contrato. En concreto, no que nos ocupa, a cláusula 40.3 do PCAP consigna a seguinte: o incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo (aprobado por acordo Plenario do 29/11/2010, publicado no BOP do 29/03/2011).*
- i) A demora na comprobación do replanteo, conforme ao artigo 229.*
- j) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a seis meses por parte da Administración.*
- k) O desistimento ou a suspensión das obras por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración.*

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado d) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 223.d do TRLCSP: "A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado na letra c) do apartado 2 do artigo 112".

O PCAP, na súa cláusula 24 tras establecer a obriga do adxudicatario de cumprimento dos prazos fixados para a execución do contrato, total e parciais no seu caso (apartado 1), determina que o prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4 A das FEC (apartado 2), e dicir, 2 meses. Determina así mesmo, o momento de inicio do cómputo do prazo

“Computarase a partir da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo, que haberá de outorgarse no prazo de trinta días naturais desde o día seguinte á formalización do contrato, salvo que neste se estipule outro. En ningún caso, o prazo poderá ser superior a un mes desde a data de formalización do contrato salvo casos excepcionais xustificados, todo isto sen prexuízo do disposto para os supostos de tramitación urxente no artigo 112 do TRLCSP”.

A comprobación do replanteo se realiza en data 14 de xaneiro de 2014. No entanto, non se inician as obras por canto, por mor da necesidade de executar previamente a renovación da rede de saneamento na rúa, a Xunta de Goberno Local, en resolución de data 11 de abril de 2014, acordou a suspensión temporal do inicio das obras. A suspensión é levantada polo órgano de contratación en acordo de data 8 de outubro de 2014 no que se determina, entre outros extremos “3. Autorizar a ALDASA, S.L.U., na súa calidade de adxudicatario, o inicio das obras. O prazo de execución comezará a contar dende o día seguinte ao da notificación a empresa adxudicataria da presente resolución”. Este resolución lle foi notificada o adxudicatario en data 23 de outubro de 2014, polo que o prazo de execución comezou en data 24 de outubro de 2014, rematando en data 23 de decembro do mesmo ano. Durante o prazo de execución se xiraron varias visitas á zona das obras por inspectores da área de Fomento, en datas 27 de outubro e 4 de novembro de 2014, que informan que non comezaron as obras.

Finalizado o prazo contractual, e segundo informe do director facultativo do contrato e responsable do mesmo, de data 16 de xaneiro de 2015, “a empresa adxudicataria non realizou ningunha das unidades de obra previstas no proxecto, nin hai maquinaria nin persoal do adxudicatario asignado á obra que mostre actividade algunha” e adxunta a este informe reportaxe fotográfico da visita de inspección efectuada en data 14 de xaneiro de 2015 no que se observa que a empresa adxudicataria non executou as obras.

-IV-

A constitución en mora do contratista non precisa de intimación previa por parte da Administración (artigo 212.3 TRLCSP e cláusula 24.3 do PCAP). Se este incorrese en mora con respecto o cumprimento do prazo total por causas que lle resultan imputables, a Administración poderá optar indistintamente por resolver o contrato ou ben pola imposición de penalidades diarias (artigo 212.4 TRLCSP). Nembargantes, tendo en conta que a empresa non ten realizado ningunha actuación na zona obxecto do contrato que presupoña a súa vontade de executar as mesmas, nin se ten dirixido a esta Administración para comunicar as causas da demora no inicio das mesmas, o máis convínste para os intereses municipais e resolver o contrato para poder licitar de novo as obras.

En relación coa resolución dos contratos administrativos, a xurisprudencia mantén a aplicabilidade dos principios contidos no Código Civil, segundo os cales a facultade de resolver enténdese implícita en favor da parte que cumpre e en contra da que incumpre as súas obrigacións, aínda que para que a acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exercite cumpra coas obrigacións que lle incumben (SSTS de 27 de setembro e 25 de novembro de 1985).

En consecuencia, deberá ser a Administración contratante a que inicie o procedemento de resolución do contrato, pois esta non opera de forma automática, senón que debe ser declarada formalmente pola Administración contratante seguindo o procedemento establecido ó efecto. Como trámite preceptivo do procedemento a seguir para a resolución do contrato por mora do contratista, a lei fixa a audiencia do contratista e, se este formulase oposición, o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva. Como xa se puxo de manifesto no fundamento xurídico II, evacuado o trámite de audiencia ó contratista, este non formula oposición, polo que non resulta necesario o informe do citado órgano consultivo.

-V-

En canto ós efectos da resolución cando o contrato resólvese por incumprimento culpable do contratista, o artigo 225.3 do TRLCSP determina que este deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro término, sobre a garantía que, no seu caso, tivese constituído, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada. A garantía definitiva depositada por ALDASA na Tesourería Municipal é de 6.735, 54 euros.

Procede, en primeiro lugar, determinar os danos e prexuízos causados á Administración por causa do incumprimento contractual.

Segundo o informe citado do director facultativo do contrato e responsable do mesmo “non se ocasionaron a esta Administración danos e prexuízos con valoración económica, posto que non foi preciso ningunha intervención en canto á seguridade da obra ou conservación de materiais dado que a adxudicataria non comezou a realización dos traballos nin sequera a execución das actuacións previas previstas (demolicións, desmontaxes e levantamento de pavimento)”.

Dado que non se teñen producido danos e prexuízos a esta Administración como consecuencia do incumprimento do contrato non procede a incautación da garantía definitiva senón a súa devolución ó contratista. Por esta razón, non procede a fixación de indemnización ningunha a aboar polo contratista a esta Administración.

Como non comezaron as obras tampouco é preciso aboar ó contratista unidades de obra executadas.

-VI-

O director facultativo da obra e responsable do contrato, no seu informe de data 16 de xaneiro de 2015, manifesta que “Esta obra foi adxudicada a finais de decembro de 2013 e prevíase a súa execución no ano 2014, polo que acumula un retraso considerable. De feito, estanse a recibir queixas, que se axuntan a este informe, relativas a non execución destas obras e ao mal estado do pavimento, beirarrúas, iluminación..., cuxa renovación se contempla no proxecto de obras”, polo que propón a incoación dun expediente de contratación, de tramitación urxente, para a realización das obras do proxecto de humanización da rúa Marqués de Valterra aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 8 de agosto de 2013.

-VII-

A Administración ten a obriga inescusable de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 42.1 LRJAP), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto o convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ó deber de comunicación previa á Administración.

Esta resolución deberá ditarse no prazo fixado para resolver o procedemento de que se trate. No entanto, para o caso que que o procedemento en cuestión non teña fixado expresamente un prazo, como no suposto que nos ocupa, a lei de procedemento fixa un prazo supletorio para a resolución. Dispón o artigo 42. 3 LRJAP que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”. E a continuación fixa regras para o cómputo do mesmo.

-VIII-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e

apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- A resolución do contrato de obras de humanización da rúa Marqués de Valterra, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 27 de decembro de 2013, á mercantil ALDASA, S.L.U., por un prezo total de por un prezo total de 176.712,50 euros (IVE incluído) por incumprimento do prazo de dous meses fixado para a execución do contrato, no apartado 4.A da Folla de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Devolver a ALDASA, S.L.U., a garantía definitiva depositada por na Tesourería Municipal por importe de 6.735,54 euros por non terse ocasionado danos e prexuízos a esta Administración por mor da inexecución do contrato conforme ó exposto no fundamento xurídico V do corpo deste escrito.

3º.- Incoar expediente para a contratación polo trámite de urxencia das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra conforme o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de agosto de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(223).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2015-2016. EXPTE. 16847/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.02.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 26.02.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, seis Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Costeira-Saiáns, Casiano Martínez-Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis e Santa Cristina-Lavadores), ao abeiro da posibilidade contemplada no seu día polo artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 7 de marzo de 2014 acordou aprobar as Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2014-2015 (Expte 15833/332). Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. De conformidade con esto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matriculación nas escolas infantís municipais.

No presente ano, e seguindo instrucións da concelleira delegada de Educación, incorpóranse á convocatoria dúas novas escolas infantís municipais (Mestres Goldar-Castrellos e Navia) que nestes momentos se atopan en proceso de obter a preceptiva autorización por parte da Xunta de Galicia para poder iniciar as súas actividades (de conformidade co establecido na normativa

de aplicación: Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia e, máis recentemente, Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local), así como da resolución dos correspondentes expedientes municipais de contratación da xestión e funcionamento das mesmas. Tendo en conta o estado actual da tramitación da autorización e os prazos habituais destes procedementos, probablemente o comezo do curso nestas dúas escolas non sexa posible nas datas habituais, e deba retrasarse.

Polo demais, as normas para o vindeiro curso non incorporan novidades significativas verbo das do curso 2014-2015, agás as resultantes da aplicación das novas Ordenanzas fiscais municipais, a adecuación ao baremo establecido polo Xunta de Galicia e a posibilidade de facer a solicitude "on line". En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2015-2016 que se achega no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2015/2016, conforme ao texto que se inclúe no expediente.
2. Facultar á concelleira de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2015-2016, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2015-2016

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM) dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2015/2016 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude. Conforman a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis e Santa Cristina-Lavadores; coa presente convocatoria incorpóranse á rede as novas escolas: Mestres Goldar-Castrellos e Navia.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido antes do vencimento do prazo establecido no punto 8.A.2 destas Normas.
2. Idade do neno/a
 - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso
 - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2015Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as le-

- gais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
 4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2014/2015, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.

Poderá reservarse praza noutro centro, por cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

B) Novo ingreso

Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaránse por esta orde:

1. Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza (renovada ou de novo ingreso) na EIM para a que solicitan praza.
3. As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o periodo de solicitude permanecerá aberto, de xeito extraordinario e con carácter xeral, a partir do mes de setembro e ata o mes de febreiro de 2016, no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM, con carácter xeral, dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.
- ◆ En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polos seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañá	Tarde	Contínuo (*)
HORARIO	07:30 a 15:45 h.	16:00 a 20:00 h.	09:00 a 17:00 h
(*) Só dispoñible para a EIM Costeira-Saiáns			10:00 a 18:00 h

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07:30 e as 09:00 horas.
- ◆ A saída do centro será entre as 15:30 e as 15:45 horas.
- ◆ Na EIM Costeira-Saiáns a hora de entrada prolongarase ata as 10:00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16:00 horas.
- ◆ A quenda de mañá inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda.

2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, así declarados pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día 3 de setembro de 2015, agás nas escolas "Mestres Goldar-Castrelos" e "Navia", nas que o comezo do curso queda condicionado á resolución favorable do expediente de autorización de inicio de actividade por parte da Xunta de Galicia e do expediente de contratación da xestión e funcionamento das mesmas.

O alumnado poderá asistir ao centro -coa excepción indicada no parágrafo anterior- un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2015 a 31 de xullo de 2016.

2.1 Horarios especiais

Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo para a preparación da programación, as escolas infantís municipais pecharán as 19 h os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.

Asimesmo o día 5 de xaneiro as escolas pecharán ás 16:00 h.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, horario amplo, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23 ano 2015), coas excepcións e bonificacións nela contidas. Para o curso 2015-2016 son as seguintes:

Renda per cápita mensual	Matricula	Mensualidade
Ata 327,83 €	Exento/a	Exento/a
Ata 512,91 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a
Entre 327,83 e 391,00€	49,6	49,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Maior de 534,01 €	124	124

2. Estarán exentos das taxas reguladas en dita ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €
O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.

No caso dun menor de 25 anos con un grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibirán prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

3. Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per cápita inferiores a 6.155 €.
4. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:
 - a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.
 - b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
5. Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concurran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:
 - a) A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.
 - b) A variación no número de membros da unidade familiar.
6. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.
7. As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.
2. Ten a consideración de ingresos totais a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

Para os efectos desta Norma tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao ano 2013.

3. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e as/os fillas/os menores de dezoito anos ou fillas/os maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33%.

Entenderase por familia monoparental cando formase parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

4. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Cando as circunstancias concorrentes no momento da presentación da solicitude de praza non coincidan coa declaración do IRPF, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación de baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no momento de presentación da solicitude.

OITAVA.- Solicitudes e documentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán facilitados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Tomás Alonso e Bouzas. Poderán tamén descargarse da páxina web: www.escolasvigo.org/reim.

A solicitude de praza poderá realizarse tamén "on line", na páxina web www.escolasvigo.org/reim.

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ao día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2015-2016 na quenda no que estivera matriculado no curso 2014-2015.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese do 9 de marzo ao 1 de abril de 2015 e se realizará na propia escola infantil na que está matriculado.

2.- Solicitudes de novo ingreso

a) Solicitude presencial. As solicitudes conforme ao modelo normalizado, xunto coa documentación requerida presentaranse no Servizo Municipal de Educación ou en calquera das Escolas Infantís Municipais para as que se solicita praza (agás Mestres Goldar- Castrelos e Navia).

b) Solicitude telemática. Unha vez realizada a solicitude "on line", seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberán entregar a documentación requerida xunto co xustificante que se obtén da web, e presentalo en calquera dos lugares indicados para a solicitude presencial.

Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza as familias que teñan previsto o nacemento do/a seu/súa fillo/a antes do 20 de maio de 2015, data tope de nacemento para a súa posible admisión, sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

O prazo de presentación de solicitudes establécese do 9 de marzo ao 1 de abril de 2015.

3.- Listas provisionais

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida.

Estas listas expóranse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o día 29 de maio de 2015 e na páxina web www.escolasvigo.org/reim.

As correspondentes ás escolas Mestres Goldar-Castrelos e Navia poderán consultarse só na citada páxina web e no Servizo municipal de Educación.

4.- Listas definitivas

Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, éstas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas nos lugares indicados en 8.A.3. a partir do día 25 de xuño de 2015.

5.- Formalización de matrícula

a) Renovación alumnado do curso 2014-2015:

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2015. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago da matrícula, no Departamento de Recadación do Concello de Vigo, no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

b) Novo alumnado no curso 2015-2016:

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2015.

Durante este prazo as familias de nenas/nenos admitidas/os formalizarán a reserva de praza na escola onde obtivesen a praza, presentando o impreso de aceptación de praza debidamente cuberto e, de selo caso, formalizando o pago da matrícula correspondente no Departamento de Recadación do Concello de Vigo, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

c) Para o alumnado das novas escolas Mestres Goldar-Castrelos e Navia, o prazo de formalización da matrícula será comunicado aos seleccionados unha vez se determine a data de comezo de curso.

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

1. Alumnado procedente do curso 2014-2015:

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar xunto coa solicitude de renovación:

a) Fotocopia da última declaración da renda de todos/as os membros da unidade familiar. Para os membros da unidade familiar desempregados/as, certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non de prestación de desemprego e, neste último caso, vida laboral.

b) Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior

2. Alumnado de novo ingreso:

As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:

a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.

b) Unha fotocopia simple do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Deberá acompañar o orixinal á documentación que se achegue no momento da solicitude.

c) Xustificación de ingresos:

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar.

d) No caso de persoas desempregadas, deberán presentar certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego e, neste último caso, vida laboral.

Naqueles casos nos que, por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental, será preciso un informe dos Servizos sociais.

- e) *OUTROS DOCUMENTOS, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:*
- *As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela, acreditaranse mediante informe dos Servizos sociais.*
 - *O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.*
 - *A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).*
 - *A condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez, acreditarase mediante:*
 - *fotocopia do libro de familia. Deberá acompañar o orixinal no momento da solicitude.*
 - *sentenza de separación/divorcio*
 - *convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais*
 - *De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste epígrafe, poderase presentar informe dos Servizos sociais.*

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita de ser valorado no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle no Anexo I.

NOVENA.- Tramitación

O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para a máis eficaz realización do seu cometido.

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

1. *A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.*
2. *Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:*
 - *Presidencia: O técnico responsable de escolas municipais do servizo de Educación.*
 - *Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do servizo municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado pola concelleira de Educación.*

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. *Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.*

A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

As familias solicitantes das novas escolas Mestres Goldar-Castrelos e Navia, poderán consultar a relación no Servizo Municipal de Educación e na páxina web citada.

UNDÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza

- 1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a concelleira de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte. Esta relación poderase consultar nos mesmos lugares que a relación provisoria.*
- 2. As/os solicitantes admitidas/os – agás os/as das escolas Mestres Goldar-Castrelos e Navia que se aterán ao disposto na apartado 8ª A 5.C- disporán dende o 1 ao 15 de xullo de 2015, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o recibo de pagamento da matrícula. Presentarán asemade nese momento certificado médico oficial.*
- 3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.*
- 4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas*

DÉCIMO TERCEIRA.- Lista de agarda

- 1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.*
- 2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.*
- 3. As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada*
- 4. As familias en lista de agarda terán preferencia, no mes de setembro, para elexir praza na quenda de tarde, no prazo que estipule o Servizo de Educación.*

DÉCIMO CUARTA.- Baixas

- 1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:*
 - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.*
 - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.*
 - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.*
 - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.*
 - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.*
 - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.*

- g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
2. As baixas motivadas polo establecido nas líñas e), f) e g), resolveraa a concelleira delegada da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da concelleira delegada de Educación.
 3. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO QUINTA.- Regulamento xeral

Estas normas serán de aplicación ao curso 2015-2016. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

ANEXO I

**NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM)
PARA O CURSO 2015/2016**

BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTOS
SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2015 É DE 7.455,14,-€)	
<i>Inferior ao 30% do IPREM</i>	4
<i>Entre o 30% e o 50% do IPREM</i>	3
<i>Entre o 50% e o 75% do IPREM</i>	2
<i>Entre o 75% e o 100% do IPREM</i>	1
<i>Entre o 100% e o 125% do IPREM</i>	-1
<i>Entre o 125% e o 150% do IPREM</i>	-2
<i>Entre o 150% e o 200% do IPREM</i>	-3
<i>Superior ao 200% do IPREM</i>	-4
SITUACIÓN LABORAL (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
<i>Situación laboral de ocupación:</i> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros</i>	6 6
<i>Situación laboral de desemprego:</i> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros</i>	2 2
<i>Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga)</i> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros</i>	3 3

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2
Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:	Ata 3
SITUACIÓN RESIDENCIAL	
Alumnos/as domiciliados na zona (Distrito postal)	2

4(224).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO PREPARA”. EXPTE. 11641/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do paro nas persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos anos. A Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro “Patrimonio histórico”, “Lagares”, “Forestal”, “Xardín Histórico de Castrelos”, “Mar de Vigo” -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro “Vigo-zoo” -I, obradoiro de emprego “Vigozoo” -I, II e III-, obradoiro de emprego “Vigo Atende”, obradoiro de emprego “Vigo Capacita”) un novo proxecto o Obradoiro de Emprego “VIGO PREPARA”, propoñendo ao mesmo tempo o mantemento das especialidades de Promoción Turística e información ao visitante e Xardinería-Mantenemento e mellora de xardíns e zoas verdes, pola demanda existente destas profesions na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

As previsións de xeración de emprego nos sectores relacionados cos servizos de turismo e xardinería levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto “Obradoiro de Emprego Vigo Prepara” e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 30 alumnos/as repartidos/as nas especialidades de “Promoción Turística” e “Xardinería”. Os obxectivos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto son varios e moi interesantes, tal e como se recolle no proxecto que se inclúe no expediente, pero pódense concretar en:

- Organización dos recursos necesarios para levar a cabo a prestación de servizos de información.*
- Programar e controlar as actividades dun centro de información.*
- Seleccionar, almacenar e procesar información de interese sobre o ámbito local.*

- Técnicas de cultivo
- Controles fitosanitarios.
- Preparación de terreos...

En resumo o obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de índole social.

A duración do “Obradoiro de Emprego VIGO Prepara” está establecida en 6 meses e a data prevista de inicio é o 1 de setembro do presente ano. Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CME-Centro Local de emprego e das Ocupación (Promoción turística) e Parque Central de Servizos do Concello de Vigo sito en Santa Cristina de Lavadores(Xardinería), que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

A subvención económica solicitada á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia é de 270.199,60 €, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015, publicado no BOG do 27 de xaneiro de 2015, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Non é necesaria aportación municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Traballo e Benestar (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Xardiñería e Promoción Turística están relacionados coa compra de material necesario para las obras de mellora de xardíns (plantas ornamentais, terra, grava) e material de carácter divulgativo.

Estímase a aportación municipal en 25.859,17€, e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2015 e 2016 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2015, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

<u>Partida</u>	<u>2015</u>	<u>2016</u>
2410 2100000 Submistros materiais de construción	20.859,17€	6.953,06€
2410 2279901 Asesoramento e apoio administrativo emprendedores.	3.333,33€	1.666,67€

Conforme establece a Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non leva implicitamente a aceptación da mesma, a espera da resolución definitiva polo órgano competente, polo que salvo mellor criterio a presentación da solicitude que non a súa aceptación no caso de obter resolución favorable da mesma por parte da administración convocante, non entra en contradición co establecido na “Ley 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidade de la Administración Local”, no seu artigo 27 e concordantes, con relación á delegación de competencias en materia de Emprego cara a mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuir a eliminar duplicidades administrativas e ser conforme coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, **PRO-PONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:**

- 1º. *Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Vigo Prepara”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*
- 2º. *Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia , e se procede a súa convocatoria para o ano 2015, publicado no BOG do 27 de xaneiro de 2015”.*
- 3º. *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podían corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2015 e 2016, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4º. *Delegar no Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a representación do Concello na trámitación e xestión do Obradoiro de Emprego “Vigo Capacita II”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(225).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN NA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA SITUADA NA AVDA. DE SAMIL – ANTIGO RESTAURANTE JONATHAN.EXPTE. 19672/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.02.15, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Tenencia de Alcaldía, do 25.02.15, conformado pola concelleira-delegada da Área de Patrimonio, que di o seguinte:

Primeiro.-A Xunta de Goberno Local, en sesión do 10 de outubro de 2014 adoptou o seguinte acordo: “Adxudicar a UROGALLO CAPITAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da concesión administrativa do aproveitamento privativo do inmovible sito na avenida de Samil, antigo restaurante Jonathan (expediente 19672-240). O canon anual a pagar será de 40.000 euros, o prazo de concesional é de 25 anos e o compromiso de inversión mínima a realizar a prezos valordos polos servizos municipais é de 1.046.652,39 euros”. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- Con data 16 de outubro de 2014, asínase contrato de concesión administrativa de aproveitamento privativo do inmovible sito na Avenida de Samil, a través de documento administrativo autorizado polo Secretario de Administración Municipal, por delegación da titular do Órgano de apoio da Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Con data 1 de decembro de 2014 dase traslado por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da “Declaración Responsable” presentada pola concesionaria para a realización de Obras de Reparación, Mellora, Consolidación e Modernización en Construcións, Instalacións ou Edificacións localizadas na Zona de Servidume de Protección do Dominio Pública Marítimo Terrestre sen obxeccións ao respecto.

Esta declaración responsable substitúe á autorización en servidume de protección de costas, esixible ata o 31 de maio do 2013, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 2/2013, do 30 de maio de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Cuarto.- Con data 03/12/2014 presenta a concesionaria proxecto de execución, así como documentación técnica previa ao inicio da obra conformada polos seguintes documentos: Estudio de Seguridade e Saúde con informe de conformidade do coordinador de seguridade e saúde, nomeamento de Director de Obra, Dirección de execución e Coordinador de seguridade e saúde así como documentación técnica complementaria.

En data 06/02/2015 é requerida polos técnicos municipais (enxeñeiro da edificación e enxeñeiro técnico industrial) unha serie de concrecións técnicas, as cales son apartadas en data 17/02/2015 pola concesionaria.

Quinto.- En base aos antecedentes, o enxeñeiro da edificación e o enxeñeiro técnico industrial municipais, emiten con data 20/02/2015, informe técnico ao Proxecto de Execución e documentación técnica previa para o inicio das obras a realizar no inmovible obxecto de concesión, Documento técnico refundido presentado en datas 18 e 19 de febreiro de 201, redactado polo arquitecto d. Leopoldo Salceda Alvite.

Nos citados informes conclúese:

- *O proxecto presentado desenvolve o básico presentado, cos mesmos usos e condicións baixo as que se outorgou a concesión, de conformidade co disposto no art. 6 do RD 314/2006, de 17 de marzo, Código Técnico de Edificación, e cumpre coas determinacións do mesmo e demais normativa aplicable, Lei 8/1997, de accesibilidade, Regulamento que a desenvolve, D 35/2000, RD 105/2008 de Xestión de residuos, Ordenanza municipal de ruídos e vibracións.*
- *O proxecto de execución cumpre coa condición de “completo”, de conformidade co disposto nos arts. 125 e 127 do TRLCE:*
 - *No apartado de Memoria, o documento describe o obxecto das obras, xustifica a solución adoptada, a instalación industrial proxectada reúne as condicións técnicas precisas, e se xustifica o cumprimento da normativa citada.*
 - *En canto ós planos, plantas, fachadas, seccións e detalles son suficientes para executar a obra proposta.*
 - *O Prego de condicións recolle os apartados de disposicións xerais, facultativas e económicas, condicións particulares dos materiais, execución de unidades de obra e prescripcóns sobre verificacións sobre o edificio terminado, así como os anexos correspondentes.*
 - *No correspondente ó apartado de presuposto, está subdividido en capítulos con unidades de medición definidas axustadas ó prego de condicións administrativas que rexeu na tramitación da concesión. Asemade se inclúen unidades específicas para a Xestión de residuos, e Seguridade e Saúde*
- *O proxecto de execución contén como anexos*

- *Estudio de Seguridade e Saúde, de novembro de 2014, suscrito polo arquitecto técnico Carlos Urdampilleta Barreiro, indicando que asume a coordinación da seguridade e saúde.*
- *Plan de obra, así como comunicación de compromiso y aceptación de contratista de efectuar as obras*
- *As obras consisten na adecuación do inmovible existente, sen alterar a súa ocupación nin volumetría, para uso de cafetería, bar, restaurante, resultando unha edificación composta de planta soto adicada a aseos, vestiarios, oficina da actividade, e locais técnicos tanta para actividade como instalacións, planta baixa con espazos para atención o público, aseos e instalacións, e planta de cuberta transitable en parte y aseos.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.-Normativa de aplicación

- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, (LPAP)*
- *Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais*
- *RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, (TRLCSP)*
- *RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local ,(TRRL)*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia*
- *Ley 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*
- *RD 314/2006, de 17 de marzo, Código Técnico de Edificación,*
- *Lei 22/1998, de 28 de xullo, de Costas*
- *Real Decreto 876/2140, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas*
- *Prego de Condicións que rexe a concesión administrativa para o aproveitamento privativo do dominio público municipal mediante a instalación e explotación dun servizo de restauración (restaurante e/ou café bar e/ou cafetería), da edificación sita na Avenida de Samil nesta cidade de Vigo (PCAP)*

II.- Procedemento para executar as obras autorizadas

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 10 de outubro de 2014 adxudicou á mercantil UROGALLO CAPITAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da concesión administrativa do aproveitamento privativo do inmovible sito na avenida de Samil, segundo oferta presentada, na que se incluía o proxecto básico integrado por memoria constructiva, descriptiva, urbanística, planos e imaxes virtuais, así como unha proposta económica, de conformidade co previsto no artigo 12 PCAP.

O artigo 21 do PCAP contempla o procedemento para a execución das obras unha vez formalizado o contrato. A letra "a" do citado artigo regula a preceptiva autorización por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, ó se atopar a

edificación na servidume de protección da costa. A citada autorización vixente ata o día 31 de maio do 2013 (polo tanto no momento de aprobación dos pregos) sustitúese segundo Lei 2/2013 do 30 de maio de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas por una Declaración Responsable. A mesma foi presentada polo concesionario e trasladada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras ao Concello de Vigo sen obxeccións ao respecto, polo que se dá por cumprido o trámite do apartado a do art 21 PCAP.

A letra “b” do mesmo artigo 21 PCAP establece a necesidade unha vez obtida a citada autorización, de presentar proxecto de execución das obras que conterá xustificación do conxunto da normativa referente ao uso, cun prazo de elaboración de 1 mes (o proxecto presentouse no prazo requerido e unha vez notificado para subsanar deficiencias técnicas, as mesmas foron aportadas en prazo), polo que se dá por cumprido o trámite.

III. -Viabilidade técnica e xurídica do proxecto de execución

- III.1 Condicións urbanísticas

A edificación atópase nunha parcela clasificada como solo urbano consolidado, no sistema xeral de zonas verdes e libres polo tanto nun espazo libre del tipo 3 “Parques de cidade”. Son parques urbanos que poden conter en réxime de concesión instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª .

A ordenanza 14 de Espazos Libres e Zonas Verdes admite na categoría 3ª, as construcións e usos existentes, cuxa situación de concesión poderá renovarse e as edificacións admitirán obras de mantemento e restauración e, incluso, de maneira xustificada, poderán ser ampliadas ata un cinco (5%) por cento...dado o carácter de Sistemas Xerais destes espazos, o seu desenvolvemento debe levarse a cabo mediante un Plan Especial que contemple tódolos parámetros implicados e harmonice as implantacións pretendidas co principio de protección que a estas zonas corresponde.

O sistema xeral é o definido coa clave SX/EL-ZV/B07, cuxa ficha determina que os criterios de ordenación determinaranse pormiudamente no Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamiento do Litoral Urbano (Alcabre- Samil).

A edificación ó se emprazar en solo cualificado sistema xeral de zonas verdes, está en situación de fora de ordenación temporal, de conformidade co previsto no artigo 2.7.20.4 das Normas urbanísticas do Plan xeral: o art. 2.7.20 regula, para os efectos do disposto no artigo 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e medio rural de Galicia, as situacións de fora de ordenación, recollendo o apdo. “c” do citado artigo, unha das situacións de fora de ordenación temporal, pois ata que non se aprobe o Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamiento do Litoral Urbano, actualmente sen desenvolver, non será posible ratificar ou rectificar da situación de fora de ordenación da edificación.

De conformidade ca ordenanza 14 de zonas verdes e espazos libres, estas zonas poderán conter, en réxime de concesión, instalacións de Terciario Xeral Clase Recreativo e Reunión Categoría 10ª. As obras permitidas para os supostos de fora de ordenación temporal son as relacionadas no artigo 2.7.21.2, ente as que se inclúe as de consolidación ou reparación definidas na cláusula 12 do prego de condicións, coa salvedade de que non está prevista a expropiación ou demolición do inmovible ou a erradicación do uso no prazo de quince anos, en canto será o Plan especial do ámbito o que manteña ou non a situación de fora de ordenación, e que o inmovible non será expropiado, en canto xa forma parte do dominio público local do Concello de Vigo, sistema xeral de zonas verdes e libres, motivos polos que non é necesario aportar declaración de renuncia ó incremento de valor da expropiación.

- III.2 Carácter das obras

As obras reflectidas no proxecto de execución responden ás autorizadas no proxecto básico, consistentes na adecuación do inmovible existente, sen alterar a súa ocupación nin volumetría, para uso de cafetería, bar, restaurante, resultando unha edificación composta de planta soto adicada a aseos, vestiarios, oficina da actividade, e locais técnicos tanta para actividade como instalacións, planta baixa con espazos para atención o público, aseos e instalacións, e planta de cuberta transitable en parte y aseos.

O uso califícase segundo Decreto 292/2004, como "Actividade de restauración, local adicado a prestación de servizos de bebidas e comida elaborada para o seu consumo no interior de cafetería", epígrafe 2.7 do citado catálogo.

O proxecto define a obra na súa totalidade, segundo informe técnico obrante no expediente do enxeñeiro de edificación, tanto no que se refire á definición do proxecto de obras no artigo 123.1 TRLCE, como no artigo 6 CTE.

IV.-Inicio e desenvolvemento das obras

A execución das obras realizarase coa seguinte dirección facultativa comunicada pola adxudicataria :

- Director de Obra: D. Leopoldo Salceda Alvite
- Director de execución: D. Carlos Urdampilleta Barreiro
- Coordinador de Seguridade e Saúde: D. Carlos Urdampilleta Barreiro

De conformidade do previsto no artigo 21 letra "c" PCA, no prazo de 15 días dende a notificación da aprobación deste proxecto de execución, procederase a levantar acta de comprobación de replanteo, comenzando así a execución das obras, debendo o concesionario convocar ao responsable do contrato a estes efectos.

O prazo de execución será de dez meses, poidendo realizarse as inspeccións necesarias por parte do técnico supervisor das mesmas.

V.- Órgano competente

Tendo en conta que corresponde ao órgano de contratación a aprobación do proxecto de execución que desenvolve o proxecto básico obxecto de adxudicación, a competencia para a adopción do acordo correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Por todo o anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar, segundo informes técnicos de data 20.02.15 o PROXECTO DE EXECUCIÓN presentado pola entidade mercantil Urogallo Capital S.L, DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DO EDIFICIO SITO NA AVDA. DE SAMIL, redactado polo arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, texto refundido de datas 18.02.15 e 19.02.15, cun presuposto de execución material de 1.121.357,26 euros, presuposto de contrata de 1.334.415,14 euros, presuposto de adxudicación con IVE1.614.642,32 euros, consistentes na adecuación do inmovible existente, sen alterar a súa ocupación nin volumetría, para uso de cafetería, bar, restaurante, resultando unha edificación composta de planta soto adicada a aseos, vestiarios, oficina da actividade, e locais técnicos tanta para actividade como instalacións, planta baixa con espazos para atención o público, aseos e instalacións, e planta de cuberta transitable en parte y aseos.

O uso califícase segundo Decreto 292/2004, como "Actividade de restauración, local adicado a prestación de servizos de bebidas e comida elaborada para o seu consumo no interior de cafetería", epígrafe 2.7 do citado catálogo.

A potencia total será:

A) Para o exercicio da actividade.

a) Máquinas con motor: 5,11 C.V.

b) Outros receptores eléctricos: 23,33 kw.

B) Para servizos do local (ventilación / climatización, grupo PCI, ascensor, grupo bombeo).

a) Máquinas con motor: 66,43 C.V.

b) Outros receptores eléctricos: ningún kw.

C) Outras instalacións:

- Forno, freidora, cociña, placa radiante, fry-top: 47.289, 20.635, 36.971, 15.476, 18.055 kcal./h.

Segundo.- Aprobar o programa de traballos -que contempla un prazo de execución de 4 meses- e o Estudo de Seguridade e Saúde suscrito polo Coordinador de Seguridade e Saúde da obra, ambos presentados polo adxudicatario.

Terceiro.- Tomar razón da comunicación da composición da dirección facultativa designada pola empresa Urogallo Capital S.L., composta por:

- Director de Obra: D. Leopoldo Salceda Alvite
- Director de execución: D. Carlos Urdampilleta Barreiro
- Coordinador de Seguridade e Saúde: D. Carlos Urdampilleta Barreiro

Cuarto.- Tomar razón da comunicación da empresa contratista das obras, Oreco S.A.

Quinto.- Nomear aos funcionarios municipais, D. Aurelio Adán Fernández (Enxeñeiro da Edificación) e D. Ángel González Pillado (Enxeñeiro Técnico Industrial) como responsables facultativos das obras e Dna. Marta M^a Riobó Ibáñez (Técnica de Administración Xeral e Xefa da Área da que depende o Servizo de Patrimonio)- como responsable da concesión administrativa a efectos análogos ao responsable do contrato na normativa de contratación.

Sexto.- Requerir a Urogallo Capital S.L a que no prazo de 15 días realice a convocatoria prevista no artigo 21.c do PCAP para a comprobación do replanteo da obra.

Sétimo.- No prazo máximo dun mes dende a finalización das obras procederase á posta en funcionamento do café, bar, restaurante, previa solicitude e obtención dos preceptivos permisos. En todo caso o responsable do contrato -ou facultativo designado pola administración representante desta- redactarán un acta en presenza do adxudicatario, na que se estableza que as obras se atopan en bo estado e con arranxo ás que foron obxecto de adxudicación

Unha vez finalizadas as obras e antes do inicio da actividade terá que presentar certificado acreditativo do illamento acadado no local. Deberá de acreditar o $D_{1s,2m,n,Tw} + C$ con respecto ás fachadas que terá que acadar como mínimo os 40dB(A). Tamén terá que certificar que o tempo de reverberación do local ($T_{20, mic}$) non supera o valor de 0,9 seg. Así mesmo disporá dun certificado de medición do nivel de ruídos transmitidos polo funcionamento das instalacións da actividade que non superarán os niveis máximos permitidos de 40 dbA no exterior do local en horario nocturno. Todo elo en cumprimento do apdo. 2 do art. 15 da Ordenanza Municipal de Ruídos e punto 2 do apdo. Valores de Referencia e táboa 4 do seu Manual de Procedementos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(22&).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DOS ANOS 2011 E 2015 DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE 18 VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 34411/212.

Dáse conta do informe-proposta do intendente da Policía Local, do 25.02.15, conformado polo concelleiro de Mobilidade e Seguridade, a concelleira de Economía e Facenda, a técnica de Fiscalización e Control financeiros, o interventor xeral e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria e urxente de 22 de marzo de 2011, acordou a adxudicación a BBVA Financia Autorenting, S.A., do procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de 18 vehículos policiais, expte 34411/212, por un prezo total de 971.460,00 € (IVE 18% incluído), por un periodo de catro anos, todo elo de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado tamén pola XGL, e a oferta presentada. A formalización do contrato en documento administrativo tivo lugar o 9 de abril de 2011.

Conforme ao establecido no apartado 7 das Follas de Especificacións do Contrato (en adiante FEC), a duración do contrato era de catro anos contados dende a entrega dos vehículos, debendo os mesmos ser entregados no prazo de 45 días a contar dende o seguinte á formalización do contrato.

Dacordo coa primeira estimación realizada tras a adxudicación do contrato, a imputación do gasto por anualidades, contabilizada no mes de abril de 2011 foi a seguinte:

Ano	2011	2012	2013	2014	2015	TOTAL € (IVE 18%)
Gasto comprometido	161.910,00	242.865,00	242.865,00	242.865,00	80.955,00	971.460,00

II

Finalmente os vehículos recibíronse de xeito escalonado dende finais de maio de 2011, os primeiros, ata finais de setembro de 2011 os derradeiros, co seguinte desglose por clase de vehículos:

Tipo vehículo	Nº vehículos	Data de entrega de los vehículos
CLASE 1	5	27/05/2011
CLASE 1	5	10/06/2011
CLASE 2	4	30/06/2011
CLASE 3	2	27/09/2011
CLASE 4	1	10/06/2011
CLASE 5	1	10/06/2011
	18	

A no coincidencia das datas de entrega reais coas primeiras previsións tidas en conta para a realización da imputación orzamentaria do gasto, ten como consecuencia que parte do gasto imputado inicialmente ao exercicio 2011 se desprace finalmente ao exercicio 2015.

No exercicio 2011 non tramitouse o correspondente expediente para reaxustar as anualidades orzamentarias iniciais a execución real prevista tras a recepción de todos os vehículos, polo que é agora cando procésese á súa tramitación.

Do gasto inicialmente comprometido no exercicio 2011, por importe de 161.910,00 € quedou crédito sen gastar por importe de 36.676,73 €, debido a que as entregas dos vehículos que se someteron a maior transformación demoráronse máis, polo que o citado gasto será finalmente executado no exercicio 2015, o que conleva o correspondente reaxuste nas anualidades do contrato.

III

No cálculo do reaxuste do gasto comprometido da anualidade do ano 2011 que agora se traspassa á anualidade do 2015 debe terse en conta as variacións que afectan ao prezo do contrato derivadas de dúas incidencias:

- A elevación do tipo do IVE do 18% ao 21 % a partires do 1 de setembro de 2012.
- A modificación do contrato derivada da baixa dun vehículo da Clase I, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 11 de abril de 2014:

“ I.- Modificar o contrato de suministro en réxime de arrendamento (renting) de 18 vehículos dotados con transformación policial, formalizado o 9 de abril de 2011 e adjudicado a BBVA FINANCIÁ AUTORENTING, S.A. pola Xunta de Goberno Local na sesión de 22 de marzo de 2011, (expte. 34411/212), así coma a documentación de licitación, nos seguintes termos:

a) A partires do 20 de xaneiro de 2013, suprímese do obxecto contractual o vehículo da clase I (patrulleiro sen Kit de traslado de detidos), Citroen C4 2654HDK, por perda total do mesmo a causa da caída dunha árbore, quedando a totalidade do obxecto do contrato en 17 vehículos e a relación de vehículos da clase I en 9 unidades.

b) Reducir o prezo total do contrato na cantidade de 30.428,42 €, co seguinte desglose por anualidades :

2013	2	12.043,8
2014	8	12.752,2
2015	2	5.632,3

”

Tamén debe terse en conta as datas de remate do renting no ano 2015, en función das datas de entrega de cada clase de vehículos, unha vez tida en conta a baixa do vehículo sinistrado:

Tipo vehículo	Nº vehículos	Data de entrega de los vehículos	Data de remate do contrato
CLASE 1	5	27/05/2011	26/05/2015
CLASE 1	4	10/06/2011	9/06/2015
CLASE 2	4	30/06/2011	29/06/2015
CLASE 3	2	27/09/2011	26/09/2015
CLASE 4	1	10/06/2011	9/06/2015
CLASE 5	1	10/06/2011	9/06/2015
	17		

En virtude do anteriormente exposto, o gasto do renting dos 17 vehículos para o exercicio 2015 ascende a 114.709,96, co seguinte desglose:

	Nº Vehículos	B.I.	IVE 21%	Suplidos	Total gasto 2015
CLASE 1	5	19.574,46	4.110,64	2.173,70	25.858,80
CLASE 1	4	17.053,92	3.581,32	1.893,80	22.529,03
CLASE 2	4	21.323,91	4.478,02	2.247,29	28.049,22
CLASE 3	2	17.558,13	3.687,21	3.032,22	24.277,56
CLASE 4	1	5.301,06	1.113,22	592,81	7.007,09
CLASE 5	1	5.282,35	1.109,29	596,62	6.988,27
	17	86.093,83	18.079,70	10.536,43	114.709,96

En consecuencia ao gasto comprometido actualmente contabilizado para o exercicio 2015 por importe de 77.380,86 deberá adicionarse a cifra de 37.329,10 euros ata acadar o total 114.709,96 á que ascenderá a execución do contrato de renting no presente exercicio 2015.

Ano	2011	2012	2013	2014	2015	Total
Gasto comprometido inicial	161.910,00	242.865,00	242.865,00	242.865,00	80.955,00	971.460,00
Complemento por cambio IVE do 18% ao 21%		1.871,40	5.614,29	5.614,29	2.058,18	
	161.910,00	244.736,40	248.479,29	248.479,29	83.013,18	986.618,16
Modificación por baixa dun vehículo XGL 11/04/2014			-12.043,82	-12.752,28	-5.632,32	-30.428,42
Gasto comprometido actual	161.910,00	244.736,40	236.435,47	235.727,01	77.380,86	956.189,74
Axuste que se propón	-36.676,73				37.329,10	
Total tras reaxuste	125.233,27	244.736,40	236.435,47	235.727,01	114.709,96	956.842,11

Por outra banda, indicar que verificouse que o gasto efectuado no 2011 (125.233,27 €) adicionado ao previsto para 2015, contemplando ao 18 % o IVE correspondentes aos conceptos de uso e mantemento tanto para os 17 vehículos que configuran o actual obxecto contractual (112.127,15 €) coma ao uso e mantemento do obxecto contractual desaparecido (5.504,35 €) , acada a suma de 242.864,77, polo que non excede o gasto anual inicialmente previsto de 242.865,00 € con IVE de 18% :

Así mesmo, de conformidade co estipulado no apartado 18 das FEC en canto á regularización dos quilómetros ao remate do contrato, o gasto total pódese ver novamente alterado, o que im-

plicará a tramitación, tras o remate do contrato, do correspondente expediente coa liquidación definitiva resultante.

*En mérito de canto antecede o funcionario que subscribe ven en propoñer ao Concelleiro-delegado do servizo que, previa fiscalización do expediente pola Intervención do Concello, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

1.- Aprobar o reaxuste das anualidades dos anos 2011 e 2015 do contrato de arrendamento (renting) de 18 vehículos policiais (expte. 34411-212), que tras a variacións sufridas no contrato conleva a imputación ao exercicio 2015 dun gasto adicional de 37.329,10 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 1320.2040000 "Renting vehículos da policía local"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(227).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE SEIS AXUDANTES DE OFICIOS POR UN PERÍODO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 26258/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.02.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 20.02.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 16 de xaneiro de 2015, o Enxeñeiro-xefe de Vías e Obras e o Xefe da Unidade de Mantemento de vias municipais deste Concello, coa conformidade do concelleiro-delegado da área de Fomento e, ao obxecto de dar resposta a demanda de asfaltados e bacheados de vias públicos no rural, por mor da ampliación de actuacións nas distintas parroquias deste, solicita, o urxente nomeamento interino de seis oficiais pavimentadores/as da lista de substitucións da derradeira oferta de emprego público e, sen non fose posible, da lista de oficiais albaneis ou axudantes de oficios, que permita facer fronte ao normal desenvolvemento dos traballos a realizar por parte dos equipos de pavimentación de Vías e Obras.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrucción de servizo de data 12 de febreiro de 2014, prestou conformidade a referida proposta, autorizando a urxente tramitación do correspondente expediente para a súa remisión a Xunta de Goberno Local, aos efectos de proceder ao nomeamento de seis oficiais pavimentadores por acumulación de tarefas das listas de substitucións da derradeira selección de persoal derivado da Oferta de Emprego Público recentemente executada e, senón se puidese completar, da lista de substitucións de oficial albanel e, no seu defecto proceder ao nomeamento de seis axudantes de oficios da lista resultante da derradeira convocatoria de axudantes de oficios, por un período máximo de seis meses, segundo disposto no Art. 10.1 d) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, a maior brevidade posible.

Estando esgotadas neste intre, as listas de oficiais pavimentadores e de oficiais albaneis derivadas da execución da derradeira oferta de emprego público executada, segundo actas dos órganos de selección de datas 29 de xuño e 27 de outubro de 2011, aconsella recurrir a lista de substitucións da convocatoria de axudantes de oficios que figura na acta do correspondente órgano de selección de data 26 de decembro de 2011, mentras non se poña en marcha unha

nova bolsa de traballo que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.

A este respecto, significase que execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinte e sete prazas de axudantes de oficios, figurando na acta do órgano de selección de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratados/as como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e, consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como axudantes de oficios dos seguintes aspirantes que aceptaron expresamente o mesmo, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto: D^a. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, DNI 36.071.578-B, D. RAFAEL MOLINA JIMÉNEZ, DNI 36.097.461-L, D. CIBRÁN PINTOS DA CUNHA, DNI 76.925.985-R, D. JAVIER VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, DNI 46.732.412-T, D. LUIS MIGUEL SOMOZA ESTÉVEZ, DNI 36.121.275-M e, D. EDUARDO VICENTE BEA PUENTES, DNI 36.143.294-J.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verificase que os/as aspirantes propostos/as levan máis de seis meses dende que remataron os seus derradeiros nomeamentos interinos como axudantes de oficios (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24687/220, 24448/220, 24630/220, 23994/220 e 24055/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 07/02/14, 24448/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 07/02/14, 31/10/13, 05/12/13, 26/04/13 e, 03/05/13, rematando os mesmos en datas 09/08/14, 03/05/14, 08/06/14 e, 05/11/13, polo que están en condicións de ser novamente nomeados/as desde 10/02/15, 04/11/14, 09/12/14 e, 06/05/14, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 243-oficial pavimentador/a e, cód. 147-Axudante de oficios da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixiancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables,

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
 - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
7. A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en éste artículo, ejerciendo en todo caso, entre otras, en materia de infraestructura viaria, art. 25.2.d).

O artigo 26 da Lei 7/0985, establece tamén no seu artigo 26.1.a) que os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos de “alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpeza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado polo Enxeñeiro-Xefe de Vías e Obras e polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais deste Concello de data 16 de xaneiro do presente ano, que obra no expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 62.748,72€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como axudantes de oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vías e Obras contidas no escrito de data 16 de xaneiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 62.748,72€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como axudantes de oficios, a D^a. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, DNI 36.071.578-B, D. RAFAEL MOLINA JIMÉNEZ, DNI 36.097.461-L, D. CIBRÁN PINTOS DA CUNHA, DNI 76.925.985-R, D. JAVIER VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, DNI 46.732.412-T, D. LUIS MIGUEL SOMOZA ESTÉVEZ, DNI 36.121.275-M e, D. EDUARDO VICENTE BEA PUENTES, DNI 36.143.294-J., seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de axudantes de oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 26 de decembro de 2011.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 147, Axudante de oficios, sendo adscritos/as ao Servizo de Vías e Obras (cód. 442)".

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(228).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES SUBALTERNOS/AS POR UN PERÍODO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 26242/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.02.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.02.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 11 de febreiro de 2015, a Xefa de Subalternos, remite oficio, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior, manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escasez de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Rectorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 20 de febreiro de 2015, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de tres dos catro subalternos/as solicitados por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 11 de febreiro actual.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalternas das aspirantes que figuran nas posicións nº 23-FERNÁNDEZ GIL, ANDRÉS, DNI 34.957.006-L, 28- RODRÍGUEZ PRIETO, SILVIA, DNI 36.171.207-G e, 31-RIAL REY, MARÍA, DNI 36.158.936-S, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 14, 15, 19, 20, 22 e 26 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 24173/220, 25733/220, 25782/220 e, 25952/220. Así mesmo, a aspirante que figura no posto núm. 3 ocupa a derradeira posición na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada e, a aspirante que figura no núm. 10 que tiña sido nomeada alguacil/notificadora, presentou renuncia por mellora de emprego con data 19/10/2014 no expte. 24625/220. Por último, a aspirante núm. 13-González Arias, Olga, atópase prestando servizos como auxiliar administrativa neste Concello (expte. 25505/220). Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos 16, 17, 18, 21, 24 e 25 presentaron unha renuncia anterior, polo que se atopan nos derradeiros postos na lista. Asimesmo os/as aspirantes núms. 1, 2, 4 e 5 foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 25476/220, tomando posesión en data 04/08/2014, polo que ata o vindeiro 04/08/2015 non están en condicións de ser novamente nomeados/as. Os/as aspirantes núms. 7, 8, 9, 11 e 12 foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 225320/220, tomando posesión en data 23/06/2014, polo que ata o vindeiro 23/06/2015 non están en condicións de ser novamente nomeados/as. Por último, os/as aspirantes núms. 14, 15, 19, 20, 21 e

26, foron nomeados con ocasión da aprobación dos expedientes 24173/220, 25733/220, 25782/220 e 25952/220, estando na actualidade prestando servizos de Conserxería e Participación Cidadá.

En consecuencia, corresponde o nomeamento das aspirantes núms. 23, 28 e 31 propostos/as tendo en conta que as mesmas levan mais de seis meses dende que finalizaron os seus derradeiros nomeamentos interinos por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do EBEP como subalternos/as, expte. 24584/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13/12/13, rematando os mesmos en data 06/07/2014 e 31/07/14, respectivamente, polo que a partir do 07/01/2015 e 01/02/2015, xa estaban en condicións de ser novamente nomeados.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, que modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os exercicios da correspondente oposición para cubrir en propiedade prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa de Subalternos conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior de data 11 de decembro pasado, que obra no expediente.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

d) *Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 41.024,40€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 11 de febreiro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 41.024,40€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D. ANDRÉS FERNÁNDEZ GIL, DNI 34.957.006-L, D^a. SILVIA RODRÍGUEZ PRIETO, DNI 36.171.207-G e, D^a. MARIA RIAL REY, DNI 36.158.936-S, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral dos/das traballadores/as nomeadas desenvolverase en horario de mañán ou de tarde según as necesidades do Servizo de Conserxería.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8,

25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(229).- PROPOSTA PARA A MINORACIÓN DAS RETENCIÓNS DE CRÉDITO DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS EN RELACIÓN Á MEMORIA PROGRAMA DE COOPERACIÓN XUNTA-ENTIDADES LOCAIS 2015”. EXPTE. 73001/250.

Visto o informe de fiscalización do 25.02.15, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.02.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 10 de febreiro de 2015 aprobou as memorias que se achegaban co expte 11586/77, entre as que estaba á presentada polo servizo de Vías e Obras sobre “mantemento das zonas rurais” co fin da presentación á “convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais”.

No citado expediente se informou a través da memoria do Servizo de Vías e Obras “mantemento das zonas rurais do Concello de Vigo”, expte 73001/250, asinada polo xefe da unidade de mantemento de vías municipais, que as necesidades dos materiais para a realización das obras vinculadas a solicitude do plan de emprego, serían cubertos cos créditos das aplicacións orzamentarias do orzamento de “Vías e Obras” en base os seguintes importes; Os presupostos previstos para materias a empregar neste proxecto son os que se indican

• Mesturas bituminosas	150.000 €
• Tubarías	100.000 €
• Formigón	120.000 €
• Barreiras seguridade bionda	20.000 €
• Tubaría aceiro barandas	30.000 €
• Aluguer maquinaria	100.000 €
• Varios	20.000 €
• Vestiario	15.000 €

As partidas orzamentarias nas que se aplicarán os presupostos sinalados son as seguintes:

• 1532.210.00.00	Conservación de vías e espazos públicos
• 1532.221.04.00	Vestiario convenio Xunta-Concello

Na tramitación do expediente e en base a memoria indicada se procedeu a realización das retencións de crédito polos importes mencionados para garantir a execución do proxecto presentado polo Servizo de Vías e Obras.

En relación o citado expediente e oportuno indicar que a citada ORDE do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015, indica:

- No artigo 4 como requisito para o solicitante que “a entidade local dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo das partidas orzamentarias non subvencionadas para a realización das obras ou servizos”.
- Así mesmo indica no apartado f) do artigo 4) “que a duración dos contratos das persoas desempregadas que desenvolvesen a prestación dos servizos non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo”.
- Que a valoración realizada inicialmente polo Servizo de Vías e Obras, contempla unha actuación de tres brigadas compostas pola totalidade do 56 postos de traballo en xornada completa, e dita valoración dos materiais e recursos foron calculados en relación a unha actuación destas brigadas en todo un ano.

Polo expostos, e co obxectivo de racionalizar e operativizar a execución orzamentaria do ano 2015, procede informar que os créditos necesarios que por obriga da convocatoria debe de comprometer o Concello de Vigo para garantir a execución das actuacións solicitadas en base a memoria do Servizo de Vías e Obras debe ser minorada para axustarse operativamente o período máximo de execución dos contratos desta convocatoria, estipulada en 3 meses, quedando da seguinte maneira:

Partidas orzamentarias nas que se aplicarán os presupostos sinalados son as seguintes:

- | | | |
|------------------|-----------------------------------------|--------------|
| • 1532.210.00.00 | Conservación de vías e espazos públicos | 140.000,00 € |
| • 1532.221.04.00 | Vestiarío convenio Xunta-Concello | 10.000,00 € |

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA

Proceder a minoración das seguintes retencións de crédito realizadas con motivo do expediente 11586/77, e en base a memoria do Servizo de Vías e Obras “mantemento das zonas rurais do Concello de Vigo”, expte 73001/250, para adecuar as mesmas as necesidades reais para cumprir coa obriga de garantir a execución das actuacións solicitadas para a súa execución no ano 2015, de acordo cos antecedentes descritos polo propio Servizo de Vías e Obras.

A minoración das retencións de crédito se corresponden cos seguintes documentos e importes:

- RC 10882 por un importe de 540.000 € aplicación orzamentaria 1532.210.00.00, debe minorarse en 400.000,00 €, quedando nun importe definitivo de 140.000,00 €.
- RC 10884 por importe de 15.000 € aplicación orzamentaria 1532.221.04.00, debe minorarse en 5.000,00 €, quedando nun importe definitivo de 10.000,00 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.